

ASOCIACIÓN MISELA

Memoria económica ano 2019

1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE

1.1.- Natureza.

No ano 1993 constitúese na cidade de Noia a Asociación denominada ASOCIACIÓN DE PAIS DO STAND (SERVIZO DE TRATAMENTOS A NENOS CON DISCAPACIDADES)” en réxime de autonomía e no campo delimitado pola lexislación vixente. Ao amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, a Lei 49/2002 de Mecenazgo, pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos seus estatutos, rexeráse a entidade denominada “ASOCIACIÓN DE PAIS DO STAND”.

Inscríbese no Rexistro Provincial de asociacións da Consellería de Xustiza , Interior e Administración Local co nº 3465/1º, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Asuntos Sociais , Emprego e Relacións Laborais co nº S-794.

No 2012 para dar un impulso á labor da entidade e aumentar a súa visibilidade social, a Asociación de Pais do STAND cambia de nome, denominándose a partir dese momento **MISELA Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia e Muros.**

No ano 2010 foi declarada de Utilidade Pública pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Orde 16 de novembro 2010 (DOG nº 236 de 10 decembro 2010).

O domicilio da Asociación establececese na Avda. República Arxentina, nº 60 no concello de Noia.

1.2.- Actividades realizadas.

A continuación describiremos os servizos e programas desenvolvidos pola asociación en 2019:

a).- **EDIAT (Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá)** que presta apoio especializado ó desenvolvemento dos nenos e nenas ata 16 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelo, ás súas familias e ó entorno. O servizo contou con 62 usuarios en 2019. Dentro do mesmo realízanse tarefas de:

- Atención individualizada: inclúe atención de fisioterapia, terapia ocupacional e psicoloxía.
- Programa de Transición á Vida Adulta (PTVA): destinado a adolescentes entre 14 e 16 anos dirixido a enfocar a transición dende o noso servizo a outros recursos públicos ou privados, apoiando e preparando ó usuario e á súa familia para o proceso de saída.
- Asesoramento en adaptación funcional do entorno e produtos de apoio.
- Atención ás familias: engloba diferentes aspectos familiares como o asesoramento e orientacións, terapia familiar, terapia para irmáns, actividades para familias e actividades formativas así como outras actividades grupais.
- Coordinación e derivación a profesionais de educación, sanidade e servizos sociais.
- Seguimento en aqueles casos nos que non se pode ou non é necesaria intervención especializada.
- Outros programas e actividades: actividades de ocio, aula de estudo.

b).- **Centro de Día Misela:** servizo de atención diúrna destinado a persoas con discapacidade intelectual, con idades comprendidas entre os 16 e os 65 anos, con necesidades de apoio extenso e xeneralizado, co obxectivo de mellorar ou manter o nivel de autonomía persoal así como apoiar as súas familias ou persoas cuidadoras. Durante o 2019 contou con 10 persoas usuarias. A atención que se presta dende o centro comprende:

- Información, valoración, seguimento e orientación a usuarios e familiares.
- Formación básica e instrumental nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- Actividades programas: actividades de ocio e tempo libre, deportivas (natación, multideporte, etc.), obradoiros temáticos e de formación.

- Mantemento e/ou rehabilitación: fisioterapia, terapia ocupacional, atención pedagóxica, psicomotricidade e atención psicolóxica.
- Servizos xerais: manutención e dietas especiais, limpeza e mantemento, xestión e administración, supervisión e vixilancia.

c).- Centro Ocupacional Misela: servizo de atención diúrna destinado a persoas con discapacidade intelectual, con idades comprendidas entre os 16 e os 65 anos, con necesidades de apoio intermitente, que precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, social, terapéutico e ocupacional. Durante o 2019 contou con 12 persoas usuarias. A atención que se presta dende o centro comprende:

- Información, valoración, seguimento e orientación a usuarios e familiares.
- Formación básica e instrumental nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria.
- Actividades programas: actividades de ocio e tempo libre, actividades deportivas (natación, multideporte, etc.), culturais, etc.
- Formación profesional: servizo de formación para o emprego, desenvolvemento e mellora das habilidades adaptativas, formación prelaboral e formación práctico – laboral e/ou ocupacional e/ou emprego con apoio.
- Mantemento e/ou rehabilitación: terapia ocupacional, atención pedagóxica, fisioterapia, psicomotricidade e atención psicolóxica.
- Servizos xerais: manutención e dietas especiais, limpeza e mantemento, xestión e administración, supervisión e vixilancia.

d).- Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SPAP) dirixido a usuarios con discapacidade física, intelectual ou mixta, ás familias e ó entorno próximo, con idades comprendidas entre os 16 e os 65 anos. Durante o 2019 contou con 4 persoas usuarias. Inclúe:

- Intervención de terapia ocupacional, fisioterapia e educación especial.
- Atención ás familias.

Coordinación e derivación a outros profesionais.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DE CONTAS ANUAIS

As contas anuais do exercicio 2019 foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de

decembro de 2019 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

En particular aplícase o Real Decreto 1491/2012, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos á adaptación sectorial e a Resolución de 26 de marzo de 2013 do ICAC polo que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins de lucro..

b) Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.

A Asociación Misela aplica en medida as disposicións legais en materia contable.

c) Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.

A Asociación non aporta información complementaria adicional necesaria relativa á imaxe fiel do patrimonio.

2.- Principios contables non obrigatorios aplicados

Aplícanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade, e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos nin aplicar outros alternativos.

3.-Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

Misela elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas usáronse estimacións realizadas pola dirección da entidade, referidos basicamente á vida útil dos inmovilizados materiais e intanxibles. No caso de que no futuro deban ser cambiadas estas estimacións por un meirande coñecemento, axustaríanse de maneira prospectiva os valores contables afectados.

É posible que, a pesares destas estimacións realizadas en función da mellor información dispoñible á data de formulación das contas anuais sobre feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos de cambios de estimación nas correspondentes contas de perdas e ganancias futuras.

4.- Comparación da información.

A Asociación non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior. A información do exercicio que se informa e comparable coa do exercicio anterior que se mostra nos estados financeiros adxuntos.

5.- Elementos recollidos en varias partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias.

6.- Cambios en criterios contables.

Non houbo cambios en criterios contables excepto o comentado na nota final sobre

7.- Corrección de erros.

Durante o ano 2019 fixéronse correccións por erros en anos anteriores. Estas correccións están recollidas e explicadas no epígrafe “**11. Fondos propios**” desta memoria.

3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS

1.-No exercicio 2019 obtense un resultado negativo de 13.809,38€

A Xunta Directiva da entidade propondrá á Asemblea o traspaso do resultado do exercicio a partida “excedentes negativos de exercicios anteriores”

<u>BASE DO REPARTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Perda do exercicio	13.809,38
Remanente	0,00
Reservas voluntarias	0,00
Outras reservas de libre disposición	0,00
<u>TOTAL.....</u>	<u>13.809,38</u>
<u>APLICACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
A fondo social	0,00
A reservas especiais	0,00
A reservas voluntarias	0,00
A excedentes negativos de exercicio anteriores	13.809,38
<u>TOTAL.....</u>	<u>13.809,38</u>

3.- Non existen limitacións para a distribucións de resultados propostos no apartado 1.

4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN DE CONTAS.

4.1.- Inmovilizado intanxible.

O inmovilizado intanxible recóllese no Balance cando e probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo de un pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1).

Ademais cumpre co criterio de:

- Identificabilidade: O inmovilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:
 - a. Sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
 - b. Xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas.

Dentro do inmovilizado intanxible atopamos as partidas de Aplicacións informáticas, que se amortiza a un porcentaxe do 25 %.

4.2.- Inmobilizado material.

O inmobilizado material reconécese no Balance cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para entidade nun futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O reconecemento contable dun activo implica tamén o reconecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o reconecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1) . Preséntase ó custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmobilizado, reconécense coma gastos no exercicio no que se producen.

A dotación anual a amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. A vida útil estimada por partidas de inmobilizado material foron as seguintes (en porcentaxes):

Inmobilizado material	% depreciación
Construcións	2%
Instalacións técnicas	10%
Maquinaria.....	10%
Utillaxe	10%
Mobiliario.....	10%
Equipos procesos Información.	25%
Elementos transporte.....	25%
Outro Inmobilizado material.....	25%

Durante o exercicio 2019 non existiron contratos de arrendamento financeiro vixentes.

4.3.- Bens integrantes do Patrimonio Histórico.

A Asociación Misela non posúe bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.4.- Permutas.

Durante o exercicio 2019 non existiron permutas.

4.5.-Instrumentos financeiros.

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

Activos financeiros:

Os activos financeiros valóranse inicialmente polo seu valor razoable, incluíndo en xeral os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. A efecto da súa valoración posterior, os activos financeiros inclúense entre as categorías seguintes:

- *Activos financeiros a custo amortizado:* os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debedores con vencemento non superior a un ano Neste epígrafe, inclúense tamén os saldos pendentes de cobrar de subvencións outorgadas á Asociación Misela independentemente de que as mesmas estean executadas ou aínda non executadas, en ámbolos dous casos recóllese a débeda pola subvención concedida que se estima cobrar sempre nun prazo inferior ó ano. Os activos financeiros incluídos nesta categoría valoráranse inicialmente polo custe, que equivalerá ó valor razoable da contraprestación entregada máis os custes da transacción. Os intereses devengados contabilizaranse na conta de resultados, aplicando o método do tipo de interese efectivo.
- *Activos financeiros mantidos para negociar:* inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ó seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- *Activos financeiros a custo:* constituídas fundamentalmente por participacións no capital de certas sociedades, a fin de exercicio avalíase a recuperabilidade futura da inversión, deteriorando o valor da inversión en caso de que non sexa recuperable. Tamén se inclúen nesta categoría os demais instrumentos de patrimonio salvo que sexan clasificados na anterior categoría.

Pasivos financeiros:

A entidade clasifica os seus pasivos nas categorías de:

- *Pasivos a custo amortizado*: valorados inicialmente polo custe, que equivalerá ó valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custes da transacción. Esta categoría intégrana:
 1. *Débitos e partidas a pagar a entidades financeiras*: valóranse inicialmente polo seu valor razoable, que equivale ó importe recibido deducidos os custos de transacción, e posteriormente polo seu custo amortizado. Os intereses devengados contabilízanse na conta de perdas e ganancias aplicando o método do tipo de interese efectivo.
 2. *Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais e outras con vencemento non superior a un ano*: valóranse polo seu valor nominal.
- *Pasivos financeiros mantidos para negociar*: Considerarase que un pasivo financeiro posúese para negociar cando sexa un instrumento financeiro derivado segundo se define na norma sobre activos financeiros, sempre que non sexa un contrato de garantía financeira nin fora designado como instrumento de cobertura. En ningún caso a entidade poderá reclasificar un pasivo financeiro incluído inicialmente nesta categoría a de pasivos financeiros a custo amortizado, nin viceversa. Estes pasivos valóranse posteriormente ó seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

4.6.- Existencias.

A Asociación Misela a 31/12/2019 non posúe existencias en almacén.

4.7.- Transaccións en moeda estranxeira.

Durante o exercicio económico 2019 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

4.8.- Imposto sobre beneficios.

Durante o exercicio económico 2019 as fontes de ingresos de Misela consistiron fundamentalmente en subvencións e doazóns ou aportacións de patrocinadores/colaboradores, así como das cotas dos seus socios e afiliados.

Ó ser a Asociación Misela unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.2 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só

tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

4.9.- Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido

4.10.- Provisións e continxencias.

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2019.

4.11.- Criterios empregados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devéngase no mes correspondente e págase a mes vencido. Os gastos de formación rexístranse no momento do seu compromiso no suposto de que existan.

4.12.- Provisións e continxencias.

Durante o exercicio económico non se produciron provisión nin continxencias.

4.14.- Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ó patrimonio neto e se recoñecerán na conta de Perdas e Ganancias como ingresos sobre una base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiren o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando cumplan as condicións polas que foron concedidas e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

a).- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.

b).- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.

c).- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.

d).- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se reconece.

4.15.- Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

A Asociación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razoables, tal e como establece a norma xeral.

5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIÓNS INMOBILIARIAS.

O movemento que houbo durante o exercicio 2017 nas contas incluídas neste epígrafe e as súas correspondentes amortizacións son as seguintes:

Inmobilizado inmaterial

Ano 2018

COSTE DE ADQUISICIÓN 2018				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Aplicacións informáticas	2.151,94	1.017,58	0,00	3.169,52
TOTAL...	2.151,94	1.017,58	0,00	3.169,52

AMORTIZACIÓN ANO 2018					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Aplicacións informáticas	1.250,79	554,78	0,00	1.805,57	1.363,95
TOTAL...	1.250,79	554,78	0,00	1.805,57	1.363,95

Ano 2019

COSTE DE ADQUISICIÓN 2019				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Aplicacións informáticas	3.169,52	0,00	0,00	3.169,52
TOTAL...	3.169,52	0,00	0,00	3.169,52

AMORTIZACIÓN ANO 2019					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Aplicacións informáticas	1.805,57	554,78	0,00	2.360,35	809,17
TOTAL...	1.805,57	554,78	0,00	2.360,35	809,17

- Durante o ano 2019 a entidade non tivo movementos na conta de aplicacións informáticas

Inmobilizado material

Año 2018

COSTE DE ADQUISICIÓN 2018				
	Saldo inicial	Adiccións	Retiros	Saldo final
Construcións	756.212,04	0,00	0,00	756.212,04
Instalacións técnicas	3.072,57	0,00	0,00	3.072,57
Maquinaria	6.817,04	0,00	0,00	6.817,04
Utillaxe	7.400,25	356,98	0,00	7.757,23
Mobiliario	36.779,28	972,84	0,00	37.752,12
Equipos procesos Información	12.356,53	99,00	0,00	12.455,53
Elementos de transporte	78.032,37	0,00	0,00	78.032,37
Outro Inmobilizado material	1.683,45	1.760,55	0,00	3.444,00
Construcións en curso	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	902.353,53	3.189,37	0,00	905.542,90

AMORTIZACIÓN AÑO 2018					
	Saldo inicial	Adiccións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Construcións	34.988,22	15.124,26	0,00	50.112,48	706.099,56
Instalacións técnicas	599,18	307,27	0,00	906,45	2.166,12
Maquinaria	3.430,56	681,70	0,00	4.112,26	2.704,78
Utillaxe	4.186,23	1.871,61	0,00	6.057,84	1.699,39
Mobiliario	9.228,58	3.773,51	0,00	13.002,09	24.750,03
Equipos procesos Información	8.149,50	2.349,51	0,00	10.499,01	1.956,52
Elementos de transporte	25.361,12	10.258,07	0,00	35.619,19	42.413,18
Outro Inmobilizado material	1.683,45	6,63	0,00	1.690,08	1.753,92
TOTAL	87.626,84	34.372,56	0,00	121.999,40	783.543,50

Ano 2019

COSTE DE ADQUISICIÓN 2019				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Construcións	756.212,04	0,00	0,00	756.212,04
Instalacións técnicas	3.072,57	0,00	0,00	3.072,57
Maquinaria	6.817,04	230,00	0,00	7.047,04
Utillaxe	7.757,23	587,46	264,49	8.080,20
Outras instalacións	0,00	3.394,05	0,00	3.394,05
Mobiliario	37.752,12	0,00	0,00	37.752,12
Equipos procesos Información	12.455,53	0,00	0,00	12.455,53
Elementos de transporte	78.032,37	30.962,41	13.920,00	95.074,78
Outro Inmobilizado material	3.444,00	0,00	0,00	3.444,00
TOTAL	905.542,90	35.173,92	14.184,49	926.532,33

AMORTIZACIÓN AÑO 2019					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Construcións	50.112,48	15.124,26	0,00	65.236,74	690.975,30
Instalacións técnicas	906,45	307,27	0,00	1.213,72	1.858,85
Maquinaria	4.112,26	700,35	0,00	4.812,61	2.234,43
Utillaxe	6.057,84	1.473,38	0,00	7.531,22	548,98
Outras instalacións	0,00	248,28	0,00	248,28	3.145,77
Mobiliario	13.002,09	3.773,42	0,00	16.775,51	20.976,61
Equipos procesos Información	10.499,01	1.608,28	0,00	12.107,29	348,24
Elementos de transporte	35.619,19	13.284,75	21.325,88	27.578,06	67.496,72
Outro Inmobilizado material	1.690,08	220,07	0,00	1.910,15	1.533,85
TOTAL	121.999,40	36.740,06	21.325,88	137.413,58	789.118,75

Durante o ano 2019, a conta de inmobilizado material da entidade incrementouse cas seguintes adquisicións:

- Unha caseta con baño adaptado por importe de 3.394,05€. Esta partida aparece reflexada na conta “21500000 Outras Instalacións”
- Unha furgoneta por importe de 30.962,41€. Dita furgoneta foi unha doazón da Deputación da Coruña.
Esta partida aparece reflexada na conta “21800001 Furgoneta 4494KWW”
- Durante o ano 2019 a entidade tamén adquiriu distintos utillaxes por importe de 587,46€

6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen saldos dentro das partidas de balance incluídas dentro deste epígrafe.

7. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA.

O detalle dos saldos debedores a curto prazo recollidos no balance de situación adxunto están recollidos como Activos financeiros a custo amortizado, contabilízanse aplicando o principio de devengo independentemente do momento do cobro das mesmas.

A súa desagregación é como segue:

Ano 2019

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Debedores por subvencións e similares	115.215,43	355.355,70	378.700,32	91.870,81
Outros debedores-usuarios	10.351,97	91.297,87	92.072,64	9.577,20
Outros créditos con admon públicas	8,52	124,48	133,00	0,00
TOTAIS	125.575,92	446.778,05	470.905,96	101.448,01

A partida de debedores por subvencións recolle aquelas débedas pendentes a 31 de decembro derivadas de subvencións non reintegrables concedidas e non cobradas ou ben de doazóns ou similares.

A partida de debedores-usuarios recolle o movemento de facturas de usuarios durante o ano, o saldo correspóndese co importe pendente de cobro a 31 de decembro.

8. BENEFICIARIOS-ACREEDORES E OUTOS PASIVOS FINANCIEROS

Dentro do epígrafe C.IV do pasivo de balance “Beneficiarios-Acreedores” non hai saldo.

9. ACTIVOS FINANCIEROS.

Os activos financeiros a curto prazo recolle as débedas de usuarios e debedores por subvencións concedidas e non cobradas.

10. PASIVOS FINANCEIROS.

Con respecto a outros pasivos financeiros, diferenciarémolos segundo o seu prazo de vencemento en curto e longo prazo.

Non existen neste exercicio débedas a longo prazo.

As partidas recollidas no curto prazo son as seguintes:

Ano 2019

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Outras débedas a C/P	83.207,14	52.355,19	73.166,72	62.395,61
Débedas a c/p con entidades de crédito	0,00	6.054,47	6.223,84	-169,37
Outros acredores	14.737,86	397.133,03	399.343,94	12.526,95
TOTAIS	97.945,00	455.542,69	478.734,50	74.753,19

❖ Partida de débedas a C/P recolle o saldo con Provedores de inmovilizado a finais do exercicio, e tamén parte de subvencións imputadas a resultados non executados no exercicio por ser subvencións bianuais.

❖ A partida Outros acredores recolle as débedas con subministradores por importe de 42.789,21 €, a débeda coa facenda pública polas retencións ao persoal do último trimestre por importe de 4.458,01€ que se abonará no mes de xaneiro do ano seguinte e a débeda coa Seguridade social do mes de decembre que se abono no mes de xaneiro de 2020 por importe de 5.279,73€

Os pasivos financeiros a custe amortizado a curto prazo recolle nas débedas provedores de inmovilizado, a parte das subvencións de actividades non executadas no presente ano por ser subvencións bianuais, e o saldo con acredores de servizos.

11. FONDOS PROPIOS.

O Fondo Social está representado pola aportación fundacional da Entidade incrementado polas entregas posteriores e a acumulación de resultados positivos ou negativos que se produciron en anos anteriores.

A conta de Reservas voluntarias contén a conta de Reservas por axustes de anos anteriores, recollendo aqueles gastos e ingresos de exercicios anteriores ó 2019.

Nesta conta fixéronse un total de 41 apuntes, 20 no debe e 21 no haber.

Sendo o máis relevante unha anotación no haber por importe de 7.405,88€ correspondente a un exceso de amortización de unha furgoneta adquirida o 05/09/2017. Debido a se exceso de amortización durante os anos 2017 e 2018, tamén se tivo que facer unha anotación no debe da conta de Reservas por axustes de anos anteriores, por importe de 2.353,63€ correspondente o exceso de imputación a resultados da Subvención de Agader vinculada o elemento de transporte en cuestión.

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Fondo social	155.585,30	0,00	0,00	155.585,30
Reservas voluntarias	5.073,61	13.975,14	6.125,76	12.922,99
Resultados exerc.anteriores	-10.207,86	0,00	0,00	-10.207,86
Compensación resultados negativos exercicios anteriores	0,00	0,00	0,00	0,00
Resultado exercicio		-13.809,38	0,00	-13.809,38
Total Fondos Propios	150.451,05	165,76	6.125,76	144.491,05

12. SITUACIÓN FISCAL.

12.1.- Imposto sobre beneficios.

A Asociación Misela desenvolve principalmente actividades non lucrativas, está parcialmente exenta do imposto de sociedades (art. 9.2 texto refundido Lei Imposto Sociedades). Durante o ano 2019 a entidade non realizou actividade económicas suxeitas ó Imposto de Sociedades.

a).- *Diferenzas temporarias*: A entidade non procedeu a rexistrar diferenzas temporarias relativas ó imposto do exercicio 2019.

b).- *Antigüidade de créditos fiscais*: No exercicio 2019 non realizou compensacións de bases impoñibles negativas.

c).- *Incentivos fiscais*: A Asociación non recibe incentivos fiscais.

d).- *Provisións e continxencias posteriores ó peche*: Non existen provisións nin continxencias de carácter fiscal para feitos posteriores ó peche do exercicio 2019.

e).- *Circunstancias de carácter substantivo*: Non existen circunstancias deste tipo para o exercicio 2019.

12.2.- Outros tributos.

Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), as actividades non económicas desenvolvidas pola Entidade están exentas do Imposto del Valor Engadido (IVE) polo que todas as cotas soportadas por este imposto nas adquisicións, en xeral, constitúen un custe adicional das mesmas.

Non existen circunstancias significativas con respecto ó resto de tributos durante o exercicio 2019.

13. INGRESOS E GASTOS.

13.1.- Desagregación da partida 3 - Gastos por axudas e outros

Partida	Ano 2019 Importe €	Ano 2018 Importe €
Gastos por axudas e outros		
Compensación de gtos (Dietas e despraz.)	305,18	758,92
Axudas monetarias a usuarios	957,00	1.730,42
Reembolso gtos Organo Gobierno	30,40	0,00
Reintegro de subvencións	0,00	0,00
Total axudas monetarias	1.292,58	2.489,34

13.2.- Desagregación da partida 6 – Aprovisionamentos

Partida	Ano 2019 Importe €	Ano 2018 Importe €
Mercaderías	0,00	0,00
Materias primas e outros	843,91	1.352,83
Traballos realizados outras empresas	0,00	180,00
Total Aprovisionamentos	843,91	1.532,83

13.3.- Desagregación da partida 8 - Gastos de persoal

Partida	Ano 2019 Importe €	Ano 2018 Importe €
Soldos e salarios		
Soldos e salarios e extras	264.051,80	203.241,52
Indemnizacións	1.496,69	975,09
Cargas sociais		
Seguridade Social entidade	69.713,47	51.459,18
Gastos formación persoal	643,00	330,99
Total Gastos persoal	335.904,96	256.006,78

13.4.- Desagregación da partida 9 - Outros gastos da actividade

Partida	Ano 2019 Importe €	Ano 2018 Importe €
Servizos exteriores		
Alugueres e canons	706,04	422,03
Reparacións e conservación	5.723,96	6.179,59
Profesionales independentes	1.077,94	2.134,00
Primas seguros	5.551,60	4.507,99
Servizos bancarios e similares	786,86	678,18
Publicidade, propag.e rrpp	2.427,70	0,00
Suministros	9.992,82	8.037,22
Teléfono	605,59	588,70
Correos	99,75	181,45
Compra lotería	18.000,00	18.000,00
Material oficina	320,97	97,80
Gastos de comunidade	941,60	1.283,27
Gastos alimentación	15.261,80	13.534,75
Gtos actividades	11.481,68	30.607,36
Prevención de riscos	1.171,19	1.416,30
Protección de datos	1.140,68	0,00
Outros gastos	2.249,41	3.963,63
Tributos		
Outros tributos	0,00	227,74
Total Outros gastos explotación	77.539,59	91.860,01

13.5.- Desagregación da partida 1 - Ingresos da actividade propia.

Partida	ANO 2019 Importe €	ANO 2018 Importe €
Ingresos por actividade propia		
* Cotas afiliados/socios	7.627,00	7.623,53
* Aportacións usuarios	86.135,41	78.355,48
* Colaboradores e patrocinadores	0,00	345,00
* Ingreso patrocinadores e colaboradores	29.802,00	33.322,26
Total Ingresos da actividade propia	123.564,41	119.646,27

13.6.- Subvencións, doazóns e legados imputados o excedente do exercicio

Partida	ANO 2019 Importe €	ANO 2018 Importe €
Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio		
* Subvencións recibidas	168.984,25	155.395,88
* Doazóns	8.174,80	7.878,89
* Bonificación por formación continua	542,11	428,27
Total Ingresos doazóns.....	177.701,16	163.703,04

13.7.- Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións

Partida	ANO 2019 Importe €	ANO 2018 Importe €
Ingresos de promocións patrocinadores e colaboracións		
* Promoción captación recursos	6.252,00	10.922,26
* Ingresos de patrocinadores		0,00
* Venta lotería e similares	23.550,00	22.400,00
Total Ingresos por promocións, patrocinio e colaboracións...	29.802,00	33.322,26

13.8.- Ventas e outros ingresos da actividade

Partida	ANO 2019 Importe €	ANO 2018 Importe €
Ventas e outros ingresos da actividade		
* Ingresos por prestación servicios prazas Xunta de Galicia	93.445,81	63.264,31
* Ingresos por prestación de servicios a outras entidades	12.000,00	0,00
Total Ingresos por promocións, patrocinio e colaboracións...	105.445,81	63.264,31

A partida “ingresos por prestación servicios prazas Xunta de Galicia recolle a facturación emitida a dito organismo polas prazas do centro de día

Na partida “ingresos por prestación de servicios a outras entidades “está recollida a facturación emitida a COGAMI por importe de 11.000€ correspondentes o Servicio de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia e a facturación a outras entidades por prestación de servicios.

14. SUBVENCIONES, DOAZONS E LEGADOS.

As seguintes subvencions non reintegrables foron concedidas co obxecto de financiar gastos específicos ou para asegurar unha rendibilidade mínima. Ditas subvencions traspasáronse ó excedente do exercicio cando se produce o gasto que está financiando.

Durante o exercicio a entidade considerou como reintegrables (e polo tanto como “Débeda transformable en subvencions”) aquelas partidas aínda non executadas correspondentes a subvencions xa concedidas pero a executar en máis dun exercicio. No momento en que se executen traspasaranse dende a partida de débedas a partida correspondente de Patrimonio Neto.

14.1.-Subvencións de actividades

Ano 2019

Subvencións de actividades ano 2019					
SUBVENCIONS	Concedido	Executado		Reducións/axustes	Por executar a 31/12/19
		Antes 1/1/19	Ano en curso		
Subv. Xunta Galicia (Coop. 2018-2019)	44.262,00	3.688,50	39.073,14	1.500,36	0,00
Subv. Xunta Galicia (Coop. 2019-2020)	31.212,00	0,00	178,82	0,00	31.033,18
Subv. Xunta Galicia (Empreg. xuvenil 2018-2019)	11.604,62	4.973,41	6.631,21	0,00	0,00
Subv. Xunta Galicia (Emprego xuvenil 2019-2020)	11.604,62	0,00	3.600,62	0,00	8.004,00
Subv. Cocemfe IRPF 2018	32.894,62	0,00	32.894,62	0,00	0,00
Subv. Deputación da Coruña	24.066,67	0,00	24.066,67	0,00	0,00
Subv. Concello de Noia	12.000,00	0,00	12.000,00	0,00	0,00
Subv. La Caixa	12.905,00	0,00	12.905,00	0,00	0,00
Subv. Concello de Porto do Son	1.500,00	0,00	1.500,00	0,00	0,00
Subv. Concello de Outes	70,68	0,00	70,68	0,00	0,00
Subv. Concello de Muros	2.604,00	0,00	2.604,00	0,00	0,00
Subv. Concello Lousame	2.000,00	0,00	2.000,00	0,00	0,00
Subv. XV Convenio (Axuda extraordinaria)	28.061,16	0,00	22.103,49	5.957,67	0,00
Subv Fundación ONCE (talleres)	9.356,00	0,00	9.356,00	0,00	0,00
Doazóns varias	8.174,80	0,00	8.174,80	0,00	0,00
Bonificación formación continua	542,11	0,00	542,11	0,00	0,00
TOTAL	232.858,28 €	8.661,91 €	177.701,16 €	7.458,03 €	39.037,18 €

As doazóns inclúe as realizadas por empresas privadas e persoas físicas que non se atopan condicionadas a nada en concreto, e así o manifestan nas cartas de concesións, así como a bonificación na seguridade social de formación continua por parte do persoal da entidade, polo que se imputan na súa totalidade a resultados do exercicio.

14.2.-Subvenções de capital

Ano 2019

Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Subvencións de capital	695.099,68	55.820,25	32.409,05	718.510,88
Doazóns e legados de capital	100,00	0,00	100,00	0,00
Subvencións e doazóns de explotación	29.760,14	214.615,26	244.375,40	0,00
TOTAIS	724.959,82	270.435,51	276.884,45	718.510,88

Desagregación da partida 11 - Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó resultado do exercicio.

As seguintes subvencións e doazóns de capital non reintegrables foron concedidas co obxecto de adquirir activos para a entidade. A imputación a resultados faise en función da amortización do ben subvencionado.

Ano 2019

Entidade concedente	Ano de concesión	Período de aplicación	Importe concedido	Imputado a resultados a 01/01/2019	Imputado ao resultado do exercicio	Total imputado 31/12/2019	Pendente de imputar a resultados
Subv.Fundación Once (Constr. centro)	2010	50	20.000,00	1.219,85	400,00	1.619,85	18.380,15
Subv.Fundación Once (Constr. centro)	2015	50	70.000,00	6.540,67	1.803,23	8.343,90	61.656,10
Subv.Fundación Once (Constr. centro)	2015	50	245.000,00	22.892,30	6.311,30	29.203,60	215.796,40
Subv. Deputación A Coruña (Local)	2011	50	4.997,16	3.429,80	499,71	3.929,51	1.067,65
Subv.Deputación A Coruña (Centro)	2014	50	190.000,00	17.753,21	4.894,47	22.647,68	167.352,32
Subv. Deputación A Coruña (Local)	2015	4	1.338,76	1.025,43	313,33	1.338,76	0,00
Concello de Noia (Centro)	2015	50	11.000,00	1.027,82	283,36	1.311,18	9.688,82
Agader - Consellería Medio Rural (Centro)	2015	50	208.846,65	19.514,22	5.379,97	24.894,19	183.952,46
Fundación Once (Vehículo)	2016	6	22.000,00	7.040,00	3.520,00	10.560,00	11.440,00
Agader - Consellería Medio Rural (Vehículo)	2017	6	23.306,66	4.972,09	3.729,06	8.701,15	14.605,51
Caixabank (Vehículo)	2017	6	8.793,36	2.813,88	1.406,94	4.220,82	4.572,54
Subv. Deputación A Coruña (FOIE 2018)	2018	6	2.415,00	10,50	341,30	351,80	2.063,20
Subv. Dep. Coruña (furgoneta)	2019		30.962,41	0,00	3.026,68	3.026,68	27.935,73
Totais			838.660,00	88.239,77	31.909,35	120.149,12	718.510,88

A Asociación Misela no ano 2010 realizou os trámites necesarios para a adquisición dun local onde levar a cabo dunha maneira máis eficiente a súa misión, para dito fin, solicitou durante os anos seguintes subvencións de capital, algunhas das cales foron concedidas e se reflicten no cadro anterior.

15. ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN.

Este punto non é de aplicación ó non tratarse dunha fundación de competencia estatal.

16. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

As operacións con partes vinculadas derivan dos gastos percibidos polos membros da Xunta Directiva, como se detallan a continuación:

CONCEPTO	Saldo 2019	Saldo 2018
Salarios percibido polos membros do órgano de goberno	274,78	758,92
Reemb gastos org goberno	30,40	0,00
Gastos por axudas monetarias a usuarios	957,79	1.730,42
TOTAL	1.262,97	2.489,34

17. OUTRA INFORMACIÓN

1. Durante o exercicio producíronse modificación nas persoas que forman parte órgano de goberno da entidade.

I.- O número medio de empregados por categorías profesionais, e diferenciado por sexos, atendendo a nova redacción do arg. 200.9 del TRLSA segundo a Disposición adicional vixésimo sexta da Lei 3/2007 é como sigue:

Ano 2019

CATEGORÍA	SEXO		%	FIXO	EVENTU AL	S/DISCAP.	C/DISCAP.
	HOMES	MULLERES					
Titulado Nivel 3	0,00	3,00	0,00%	3,00	0,00	3,00	0,00
Titulado Nivel 2	0,00	6,00	0,00%	4,00	2,00	6,00	0,00
Tecnico Superior Nivel 1	1,00	5,00	0,00%	3,00	3,00	5,00	1,00
Técnico	1,00	5,00	0,00%	3,00	3,00	4,00	2,00
Técnico Auxiliar	0,00	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00	0,00
Operario	0,00	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	2,00	19,00	0,00	13,00	8,00	18,00	3,00

Porcentaxe persoal fixo	61,90%
Porcentaxe persoal eventual	38,10%
Porcentaxe persoal s/discapacidade	85,72%
Porcentaxe persoal c/discapacidade	14,28%

Descrición	Fixos	Eventuais	Total
Traballadores de alta ao inicio	12,00	5,00	17,00
Altas durante o período	0,00	3,00	3,00
Baixas durante o período	0,00	4,00	4,00
Traballadores de alta ao final	13,00	3,00	16,00
Plantilla media discapitados >=33%	3,00	0,00	3,00
Plantilla media total	10,58	2,79	13,37

II.- Non se produciron feitos posteriores ó peche do exercicio económico 2019 que afecten a formulación das contas anuais.

III.- Liquidación do orzamento do ano 2019.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2019 - ASOCIACIÓN MISELA

Epígrafes	Gastos presupostarios			Epígrafes	Ingresos presupostarios		
	Presuposto	Realización	Desviación		Presuposto	Realización	Desviación
1. Axudas monetarias e outros. . .	700,00 €	1.262,97 €	-562,97 €	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	316.135,28 €	301.265,57 €	14.869,71 €
a) Axudas monetarias	0,00 €	957,79 €	-957,79 €	a) Cuotas de usuarios e afiliados	151.288,31 €	93.762,41 €	57.525,90 €
b) Gastos por colaboración do órgano do goberno	700,00 €	305,18 €	394,82 €	b) Ingresos de promocións, colab..	8.160,00 €	29.802,00 €	-21.642,00 €
d) Reintegro de subvencións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	c) Subvencións, doazóns e legados imputados ó resultado do exercicio	156.686,97 €	177.701,16 €	-21.014,19 €
2. Compras de bens destinados á actividade	0,00 €	843,91 €	-843,91 €	2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade	0,00 €	105.445,81 €	-105.445,81 €
3. Gastos de persoal. . .	247.208,30 €	335.904,96 €	-88.696,66 €	3. Outros ingresos	42.300,00 €	31.909,34 €	10.390,66 €
4. Servizos externos para a actividade propia	63.426,90 €	77.539,59 €	-14.112,69 €	4. Ingresos financeiros	0,00 €	0,92 €	-0,92 €
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	36.000,00 €	37.294,84 €	-1.294,84 €	5. Ingresos excepcionais	0,00 €	825,90 €	-825,90 €
6. Outros gastos	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
7. Variación das provisiones da actividade e perdas de créditos incobrables	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
8. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00 €	42,92 €	-42,92 €				
9. Gastos excepcionais	0,00 €	367,73 €	-367,73 €				
10. Imposto sobre sociedades	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
Total gastos en operacións de funcionamento	347.335,20 €	453.256,92 €	-105.921,72 €	total ingresos en operacións de funcionamento	358.435,28 €	439.447,54 €	-81.012,26 €

ANEXOS

1.- CONTAS ANUAIS EJERCICIO ECONÓMICO 2019:

➤ **BALANCE ABREVIADO 2019**

➤ **CONTA DE PERDAS E GANANCIAS
ABREVIADA 2019**

2.- ORZAMENTO PARA O EJERCICIO ECONÓMICO 2020

ASOCIACIÓN MISELA
BALANCE ABREVIADO AO PECHE DO EXERCICIO 2019

ACTIVO	DA MEMORI	219	2018	A) PATRIMONIO NETO Y PASIVO	DA MEMORI	2019	2018
A) ACTIVO NON CORRENTE		789.927,92	784.907,45	A) PATRIMONIO NETO		863.001,93	875.410,87
I. Inmobiliado Intanxible	5	809,17	1.363,95	A-1) Fondos propios	11	139.466,02	150.451,05
5. Aplicacións informáticas		3.169,52	3.169,52	I. Dotación fundacional/Fondo Social		155.585,30	155.585,30
- Amortización acum. inm. Intanxible		-2.360,35	-1.805,57	1. Dotación fundacional/Fondo Social		155.585,30	155.585,30
II. Bens do Patrimonio Histórico		0,00	0,00	I I. Reservas.		12.922,99	5.073,61
III. Inmobiliado Material	5	789.118,75	783.543,50	2. Outras reservas	11	12.922,99	5.073,61
1. Terreos e construcións		756.212,04	756.212,04	III. Excedentes de exercicios anteriores		-10.207,86	0,00
2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material		170.320,29	149.330,86	1. Remanente		-10.207,86	0,00
3. Inmobiliado en curso			0,00	2. Excedentes negativos exercicios anteriores			0,00
- Amortización acum. inm. Material		-137.413,58	-121.999,40	IV. Excedentes do exercicio	3	-13.809,38	-10.207,86
IV. Inversións inmobiliarias.		0,00	0,00	A-2) Axustes por cambios de valor.		0,00	0,00
V. Inversión en entidades do grupo e asociadas a L/P		0,00	0,00	A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	14	718.510,88	724.959,82
VI. Inversións financeiras a L/P.		0,00	0,00	B) PASIVO NON CORRENTE		0,00	0,00
VII. Activos por imposto diferido.		0,00	0,00	I. Provisións a L/P.		0,00	0,00
B) ACTIVO CORRENTE		145.668,46	188.512,63	II. Débedas a L/P.		0,00	0,00
I. Existencias		0,00	0,00	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a L/P.		0,00	0,00
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia		91.378,49	125.567,40	IV. Pasivos por imposto diferido		0,00	0,00
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	7	10.069,52	8,52	V. Periodificacións a L/P.		0,00	0,00
IV. Inversións en entidades do grupo e asociadas a C/P.		0,00	0,00	IV. Pasivos por imposto diferido		0,00	0,00
IV. Inversións financeiras a C/P.		0,00	0,00	C) PASIVO CORRENTE		72.594,45	98.009,21
VI. Periodificacións a C/P.		3.699,71	3.388,19	I. Provisións a C/P.		0,00	0,00
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		40.520,74	59.548,52	II. Débedas a C/P.	8	60.067,50	83.207,14
1. Tesorería		40.520,74	59.548,52	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a C/P.		0,00	0,00
				IV. Beneficiarios - Acredores.		-358,95	394,91
				V. Acredores comerciais e outras contas a C/P.	8	12.885,90	14.407,16
				2. Outros acredores		12.885,90	14.407,16
				VI. Periodificacións a C/P.			
TOTAL ACTIVO (A + B)		935.596,38	973.420,08	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		935.596,38	973.420,08

As notas que se achegan na memoria forman parte deste balance

ASOCIACION MISELA
CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31
DE DECEMBRO DE 2019

	<u>NOTAS DA</u> <u>MEMORIA</u>	(Debe)Haber 2019	(Debe)Haber 2018
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	13	301.265,57	283.349,31
a) Cotas de afiliados e usuarios		7.627,00	7.623,53
b) Aportacións de usuarios e colaboracións		86.135,41	78.700,48
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		29.802,00	33.322,26
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio		177.701,16	163.703,04
e) Reintegro de axudas e asignacións		0,00	0,00
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil		105.445,81	63.264,31
a) Prestacións de servicios		105.445,81	63.264,31
3. Gastos por axudas e outros		-1.262,97	-2.489,34
a) Axudas monetarias		0,00	0,00
b) Axudas non monetarias		-957,79	-1.730,42
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-305,18	-758,92
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		0,00	0,00
4. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación		0,00	0,00
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo		0,00	0,00
6. Aprovisionamentos.	13	-843,91	-1.532,83
7. Outros ingresos da actividade		0,00	0,00
8. Gastos de persoal	13	-335.904,96	-256.006,78
a) Soldos, salarios e asimilados		-265.548,49	-204.216,61
b) Cargas sociais		-70.356,47	-51.790,17
c) Provisións		0,00	0,00
9. Outros gastos da actividade	13	-77.539,59	-91.860,01
a) Servizos exteriores		-61.791,50	-66.831,80
b) Tributos		-730,86	-718,82
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.		0,00	0,00
d) Outros gastos en xestión corrente		-15.017,23	-24.309,39
10. Amortización do inmovilizado	5	-37.294,84	-34.927,34
11. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio	13	31.909,34	29.994,82
12. Exceso de provisións		0,00	0,00
13. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado e outros rtdos		458,17	0,00
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE	3	-13.767,38	-10.207,86
14. Ingresos financeiros		0,00	0,00
15. Gastos financeiros		0,00	0,00
16. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros		0,00	0,00
17. Diferenzas de cambio		0,00	0,00
18. Deterioro e resultado por enaxeacións de instrumentos financeiros		0,00	0,00
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIONES FINANCEIRAS		-42,00	0,00
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS		-13.809,38	-10.207,86
19. Imposto sobre beneficios		0,00	0,00
A.4) VARIACION DE PATRIMONIO NETO RECONOCIDO NO EXCEDENTE		-13.809,38	-10.207,86
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE A PATRIMONIO			
1. Subvencións recibidas		174.537,05	145.790,69
2. Doazóns e legados recibidos		3.164,11	428,27
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
B.1) VARIACION DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS		177.701,16	146.218,96
C) RECLASIFICACION AO EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Subvencións recibidas		-171.619,37	-226.539,08
2. Doazóns e legados recibidos		-3.164,11	-428,27
3. Outros ingresos e gastos			
4. Efecto impositivo			
C.1) VARIACIONS DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIONES AO		-174.783,48	-226.967,35
D) VARIACIONS DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS		-6.448,94	-19.734,68
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS			
F) AXUSTES POR ERROS			
		7.849,38	-1.327,24
G) VARIACIONS NA DOTACION FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL			
H) OUTRAS VARIACIONES			
		0	0
I) RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO.		-12.408,94	-31.269,78

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados

ASOCIACIÓN MISELA
ORZAMENTO PARA O ANO 2020

EPÍGRAFES	GASTOS PRESUPOSTARIOS	EPÍGRAFES	INGRESOS PRESUPOSTARIOS
OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO		OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	
1, Axudas monetarias e outros	450,00	1. Ingresos da entidade pola actividade propia	297.103,68
a) Axudas monetarias	450,00		
b) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	0,00	a) Cotas de usuarios e afiliados	79.325,61
2. Compras de bens destinados á actividade		b) Ingresos de promocións,	31.700,00
3. Gastos de persoal	329.820,65	c) Subvencións, doazóns e legados imputados ó resultado	186.078,07
4. Servizos externos para a actividade propia	56.546,61	2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	122.500,00
5. Dotacións para amortizacións do inmovilizado	36.775,27	3. Outros ingresos (subv capital trasp. Resul exer)	45.351,56
6. Outros gastos	38.187,40	4. Ingresos financeiros	0,00
7. Variacións das provisións da actividade e perdas de créditos incobrables	0,00	5. Ingresos excepcionais	480,00
8. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00		
9. Gastos excepcionais	0,00		
10. Imposto sobre sociedades	0,00		
TOTAL GASTOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	461.779,93	TOTAL INGRESOS OPERACIÓNS DE FUNCIONAMENTO	465.435,24